



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

g<sup>alicia</sup>

**RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades do 2 de febreiro de 2016 pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 17 de outubro de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, e se procede á súa convocatoria.**

A Orde do 17 de outubro de 2012 (DOG Núm. 205, do 26 de outubro) establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, en réxime de concorrencia competitiva. No anexo I da dita orde recóllese a modalidade A destas axudas, e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas universidades do SUG deberán obter unha avaliación positiva e realizar un mínimo de 21 meses nesta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de investigación universitaria correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades.

De acordo coas directrices emanadas da Instrucción 3/2014, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado polas universidades do SUG, ao abeiro do programa de axudas á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en relación co investigador Gerardo Pérez Barcala, contratado con cargo a estas axudas.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

**RESOLVE:**

Declarar que o investigador indicado a continuación acada unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme o establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 17 de outubro de 2012 e coa Instrucción 3/2014, do 4 de decembro, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Nº EXPEDIENTE	UNIV.	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
POS-A/2012/092	USC	Pérez	Barcala	Gerardo	*****816G

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes que contará desde o día seguinte á súa notificación, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2016

O secretario xeral de Universidades

Jose Alberto Díez de Castro